



PLAN DIXITAL

CEIP PRAIA DE QUENXE

[Versión 1.0_xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME: CEIP Praia de Quenxe.

ENDEREZO: Rúa Maruja Mallo, 18. 15130. Corcubión. A Coruña.

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.praia.quenxe@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaquenxe

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil e Educación Primaria.

NÚMERO DE ALUMNADO: 100.

PROFESORADO: 16.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atópase nun entorno rural no que a estrutura económica vén determinada pola función administrativa, por iso é polo que a distribución da poboación activa mostra un predominio do sector terciario.

O feito de que esta zona ostente a cabeceira de partido xudicial favorece a existencia dunha serie de servizos como notaría, rexistro da propiedade, salas de xulgado, oficina de extensión agraria, recadación, etc.

Tamén, é destacable a importancia dos servizos relacionados co turismo para o cal o municipio, e en xeral toda a zona, ofrece unhas condicións naturais moi atractivas.

A economía local complementábase con algunhas pequenas industrias que, xunto coas do concello veciño de Cee, dan emprego ao resto da poboación activa. En relación ao porto, tradicionalmente pesqueiro e comercial, viu reducida a súa actividade a un escaso tráfico pesqueiro.

Polo tanto, a zona na que se enmarca o centro fai que o Plan Dixital (PD) que se leve a cabo, acerque ás familias do centro o uso das novas tecnoloxías, xa que na pandemia, púidose constatar que moitas delas non tiveron acceso a dispositivos tecnolóxicos, agás o móbil. Polo que o centro repartiu varios portátiles entre as familias máis necesitadas.

Ademais, o PD pretende contribuir a un correcto aproveitamento e uso dos recursos tecnolóxicos dentro da nosa comunidade educativa, así como a outros plans e proxectos de centro como E-Dixgal.

Dentro da Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 vai reflexar a disposición do centro educativo para que o profesorado dispoña dalgún tempo para elaborar actividades dixitais para o alumnado, dentro das horas complementarias do profesorado.

Ademais, o PD vai, tamén, dar resposta as tarefas establecidas polo Equipo TIC na PXA. Como por exemplo, xeneralizar e consolidar o cambio pedagóxico coa adaptación a novos contornos de aprendizaxe: introdución de contidos dixitais nas aulas por parte do profesorado, complementando no posible o libro tradicional e traballando sobre a pizarra dixital e a aula virtual, así como colaborar na xeneralización e o aproveitamento dos recursos informáticos por parte do alumnado, familiarizándoo cos mesmos e potenciando o desenvolvemento de hábitos, habilidades e destrezas que o axuden a empregar estes medios.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, quen nos guiou e asesorou neste proceso. Todo foi consensuado no Equipo do PD coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e a coordinadora do PD.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía, en canto a tempo, a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro e no comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO.

Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo e no terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción. Para finalizar, procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

• Infraestrutura dixital

- O centro dispón de varias opcións para conectarse a Internet. Por un lado, hai unha conexión cableada na maioría das aulas, exceptuando a aula de música e a de pretecnoloxía. Por outro lado, tamén existen varias conexións sen fíos, con cobertura variable segundo a zona do centro e a rede escollida.

- Respecto a estrutura de voz, o centro posúe conexión de telefonía cun único terminal en conserxería.

• Equipamento

- O centro dispón de poucas aulas plenamente dixitalizadas, con posibilidade de visualización e interacción. Algunhas titorías non teñen ordenadores propios, outras dispoñen de equipos

anticuados (vanse renovando polo centro na medida do posible) e a maior parte dos proxectores non ofrecen posibilidade de interacción. Respecto ao son, a maioría dos equipos da problemas dalgún tipo. Hai, ademais, aulas que non posúen posibilidade de visualización, e a dotación destes equipos supón un gran esforzo para o centro, que ten que facelo paulatinamente.

- O centro conta cunha aula preparada para E-Dixgal (titoría de 5º curso), aínda que a mesa para cargar os portátiles non foi entregada.

- Os postos de xestión e administración do centro contan con conexión a Internet e equipos adecuados, a excepción de Conserxería, cun ordenador de 2005 cun pésimo funcionamento.

- A biblioteca dispón dun ordenador adquirido polo centro cunha conexión adecuada, que se emprega para a catalogación de libros e como consulta. Ten unha conexión cableada a Internet. Na biblioteca tamén hai dous equipos máis. Un portátil, que foi adquirido polo centro e está vinculado ao proxector, con conexión cableada e un funcionamento xusto, e o outro é un equipo de 2006 para a utilización do alumnado, que debido a que está obsoleto xa non se emprega.

- A sala de profesorado dispón dun ordenador de 2006, cun pésimo funcionamento, xa que está obsoleto. Dispón de conexión cableada a Internet. O departamento de Orientación, tamén posúe un ordenador adquirido polo centro, con conexión cableada a Internet.

- O centro non dispón de equipos ultraportátiles para aula móbil.

- A aula de informática posúe equipos de 2005, obsoletos, apenas funciona algún de maneira lentísima e, ademais, en número insuficiente para o alumnado. A conexión é cableada. Non hai proxector, polo que hai que dar as explicacións de modo individual.

▪ **Servizos dixitais educativos**

- O centro emprega a páxina web corporativa, a aula virtual, Abalar móbil e E-Dixgal entre outros.

- Os equipos do centro son mantidos, na medida do posible, polo equipo TIC. Cando non é posible, tamén se recorre á UAC.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICS:

Plan de adaptación á situación COVID e Plan de Continxencia do Centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaquenxe/?q=node/912#attachments>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3.1

	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.8

Ademais, tamén, empregouse o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	14	85.7%
PROVISIONAL			
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO/ OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
58.8	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	58.8	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	59	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5.9%
A2	10	58.8%
B1	5	29.4%
B2	-	-
C1	-	-
C2	1	5.9%
TOTAL	17	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha análise da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C8: A comunidade educativa afirma que no centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo mesmo e que o alumnado pode utilizar cando os precise.	C1: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que no centro a infraestrutura dixital non apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL DOCENTE	B2: Tanto o equipo directivo como profesorado e alumnado consideran que se debate sobre	A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con

	<p>as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D1: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman debater sobre as necesidades de PDC no relativo á ensinanzas con tecnoloxías.</p> <p>D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E4: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p>	<p>tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman non ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E3: O profesorado afirma que non utilizan contornas virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>F5: O profesorado afirma que non emprega as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>G5: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>-Tendo en conta o Test CDD, o profesorado debe mellorar a súa competencia dixital.</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>H1: A comunidade educativa considera que no noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet.</p> <p>H2: A comunidade educativa considera que no centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet.</p>	<p>H8: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.</p>
FAMILIAS		

OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3: O profesorado conta co apoio do Equipo Directivo para probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>A1: Tanto equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital.</p> <p>C12: Tanto equipo directivo como profesorado coinciden na inexistencia na escola, dun plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta.</p> <p>C16: O profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p> <p>-O equipo directivo afirma que non promove o emprego de software libre no ámbito educativo.</p> <p>-O plan dixital é fácil convertelo nun elemento baleiro da programación.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>-A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>-É un incentivo para a mellora da calidade educativa.</p> <p>-A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas.</p> <p>-Existe mentor ADIX na zona para apoiarnos no camiño da dixitalización.</p>	<p>C5: A comunidade educativa afirma que a asistencia técnica non é eficaz no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>-Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo.</p> <p>-As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p>

LEXISLACIÓN	A5: Tanto equipo directivo como profesorado afirman ter coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe.	-Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.
CONTORNA		
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	-Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.	<p>B3: O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades.</p> <p>B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p>

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ser analizada toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)							
OBXECTIVO 1	(A4) Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Distribución horaria dunha hora, segundo se estableza pola XE, dentro das reunións de profesorado dos luns pola tarde (horas complementarias).						
Valor de partida	0 % do profesorado						
Valor previsto e data	100 % do profesorado				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Explicar ao claustro o funcionamento da hora que deben adicar ao ámbito dixital, dentro das horas complementarias das reunións dos luns pola tarde, cando quede establecido no cadro de distribución horaria correspondente.	Xefatura de Estudos	30/09/2022	Espazo para a reunión Claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendent		

					e
AO1.2: Incluír no cadro de distribución horaria, dentro das horas complementarias das reunións dos luns pola tarde, una hora cada mes/mes e medio de adicación ao cumprimento do obxectivo A4.	Xefatura de Estudos	30/05/2023	Espazo para a reunión Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 2	B4) Poñer en marcha actividades relacionadas co uso e vivencia das TICs en colaboración con outros centros.				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Realizar unha actividade, como mínimo, relacionada co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor de partida	0 actividades					
Valor previsto e data	1 actividade			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Explicar ao claustro en que consisten as actividades relacionadas co uso e vivencia das	Coordinador/a do Plan Dixital	30/10/2022	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	

TICS en colaboración con outros centros.					a	
					Pendent e	
AO2.2: Crear actividades relacionadas co uso e vivencia das TICs en colaboración con outros centro.	Profesorado interesado en participar	30/05/2023	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizad a	
					Aprazad a	
					Pendent e	
AO2.3: Poñer en marcha as actividades relacionadas co uso e vivencia das TICs en colaboración con outros centros.	Profesorado interesado en participar	30/05/2023	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizad a	
					Aprazad a	
					Pendent e	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)			
OBXECTIVO 3	(E2) Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.		Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo profesorado.		
Valor de partida	0 % do profesorado crea recursos dixitais.		
Valor previsto e data	30 % do profesorado crea recursos dixitais.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Explicar ao claustro que dentro da hora que deben adicar ao ámbito dixital, dentro das horas complementarias das reunións dos luns pola tarde, cando quede establecido no cadro de distribución horaria correspondente, deberán adicar parte do tempo en crear recursos dixitais que poidan levar a cabo na súa práctica docente.	Xefatura de Estudos	30/09/22	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.	Profesorado	30/05/23	Equipos informáticos. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Subir os recursos dixitais creados polo profesorado á aula virtual do centro.	Profesorado	30/05/23	Equipos informáticos. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- O centro ten necesidades urxentes de renovación de equipamento para dispor de aulas dixitalizadas reais. Isto supón dotar de ordenadores para as aulas que non os posúen e de renovar os proxectores que non ofrecen a posibilidade de interacción. Ademais, hai catro aulas que non posúen proxector de ningún tipo, unha delas tamén sen ordenador.
- A aula E-Dixgal necesita o carro de carga, xa que non foi entregado.
- A sala do profesorado necesita dun novo ordenador, xa que o que hai é un equipo de 2006 que está obsoleto.
- A aula de informática ten que ser renovada completamente para ser un espazo útil que mereza a pena empregar. Os equipos que hai, en número insuficiente (sete unidades), son dunha partida de dotación de 2005, totalmente obsoletos. Non son fiables (ás veces dan erros de arranque) nin axeitados para as tarefas máis elementais, xa que son moi lentos para navegar por Internet ou para abrir un editor de textos. Esta aula tampouco dispón de proxector, polo que as explicacións han de darse de maneira individual, o cal atrasa aínda máis a realización das tarefas.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións, de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro polo Consello Escolar, oído o claustro, será publicado na web do mesmo.

**ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR DO
CEIP PRAIA DE QUENXE O DÍA 30 DE XUÑO DE 2022.**

O Director

A Secretaria

Delfino Domínguez Lestón

Laura Teijeiro Blanco